



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



Guía para o profesorado

Curso 2019-20

1. Presentación da nosa biblioteca



A biblioteca escolar do IES Lamas de Castelo está integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) dende o curso 2008-09. Actualmente, conta cun equipo estable de dúas profesoras (LG e LF) con dedicación horaria, e a axuda dun profesor de matemáticas que atenderá tamén durante 2 recreos á semana. O profesorado que o desexe pode solicitar formar parte do equipo e/ ou colaborar con el.

Os fondos documentais desta biblioteca están situados na súa meirande parte na propia biblioteca; pero debido á falta de espazo para centralizalos todos nela, están tamén presentes en aulas e departamentos. Actualmente, e tendo en conta que non están catalogados o 100% dos volumes dos fondos da nosa biblioteca, contamos con 10535 rexistros. Dos fondos que están catalogados e informatizados no Proxecto Meiga case na súa totalidade, corresponden sobre todo a aquelas seccións que máis uso rexistran a nivel de préstamos, a saber: a 82 (literaturas galega, castelá, francesa e inglesa), tamén a BD (banda deseñada); e en menor medida, a 81 (linguas) e as do 55 a 599 (área de ciencias naturais e bioloxía).

Este curso queremos continuar avanzando na catalogación de fondos doutras materias, prestando especial atención ao pouco que queda da sección 5 (ciencias exactas e aplicadas), a 7 (belas artes) e a 9 (xeografía e historia). Cómpre localizar e catalogar os **fondos dos departamentos** rexistrados e carimbados que non están na biblioteca, facendo **expurgo*** en caso necesario, consultando



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



previamente co equipo de biblioteca. ***Nota:** no **expurgo**, hanse ter en conta os puntos 3 e 4 da **“Xestión técnica e patrimonio bibliográfico”** das [instrucións de 2 de setembro de 2019](#) relativas á organización e funcionamento das B.E.

Horario

Estamos dispoñibles para atención de alumnado e profesorado nos recreos, de 11:10 a 11:40. Ademais, a biblioteca permanecerá aberta durante as horas de garda dos membros do equipo e en todas horas que nos sexan posibles para atención de profesorado, PAS e outros membros da comunidade escolar.

Préstamos

Do documento de acollida: *“Todos os membros da comunidade escolar poden ser usuarios desta biblioteca. Por defecto, asignarase un número de carné e usuario a todo o alumnado, profesorado e PAS do centro. Dito número conservarase mentres se forme parte desta comunidade.”*

Cada curso, asignamos números de carné de usuario a todos os novos membros da comunidade escolar. Esa conta de usuario é a que permite realizar os préstamos e serve ao mesmo tempo para contabilizar non só o número, senón o tipo de materiais levados, a efectos estatísticos.

Préstamo do profesorado: pódese ampliar dos 3 volumes iniciais, segundo necesidades. Interesa particularmente a creación dunha conta de usuario *“Departamento de ...”* para aqueles que necesiten consultar e/ ou levar á aula cantidade de libros. Polo de agora, todos os departamentos de linguas teñen este tipo de conta, máis o Departamento de Relixión. O interese deste tipo de conta é contabilizar con fins estatísticas o movemento de fondos asociado a cada departamento (contribución ao Proxecto Lector, memoria).

Interese da catalogación de fondos



O proxecto MEIGA, facilitado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o programa co que están informatizadas a maioría das bibliotecas públicas municipais galegas, e tamén de todas as bibliotecas escolares (PLAMBE ou non) que o soliciten. Entre todas elas fórmase unha rede dixital na que se pode buscar, localizar e incluso solicitar en préstamo material dos fondos de calquera delas.

Todos os fondos catalogados na nosa biblioteca escolar son subidos diariamente a esta rede, o que permite atopalos na internet.



A dirección da nosa páxina nesta rede é a seguinte:

Web de Bibliotecas Escolares

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



Para buscar tamén a páxina, pódese acceder a ela dende o blog de Bibliotecas Escolares, <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>, buscar a sección “Proxecto Meiga” (na columna lateral, dereita) e pinchar na ligazón “OPAC Meiga”. Definimos a busca nos campos “grupos” (centros de ensino); provincia e concello.

OPAC Meiga

Proxecto Meiga

- OPAC Meiga
- Soporte Meiga

Tamén se pode acceder ao acceso

presente na páxina web do noso centro, na sección da biblioteca:

Seleccione a/s biblioteca/s a tratar

Tratar unha biblioteca Tratar varias bibliotecas

Provincia: A Coruña
Comarca: Muros
Concello: Carnota
Grupo: Centros de Ensino
Biblioteca: Carnota - CEIP de Carnota
Carnota - CEIP de Carnota
Carnota - CEIP O Pindo
Carnota - IES Lamas de Castelo

[Entrar na biblioteca](#)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>

Presentación



Se queres coñecer as novidades da nosa biblioteca, recomendámosche facer o seguinte:

1. Visitar a sección de **NOVIDADES** na propia biblioteca.

Nesta sección podes atopar os últimos libros que mercamos, cómics e as revistas máis recentes.

2. Visitar a páxina de **MEIGA** onde está rexistrado e catalogado parte dos fondos.

Aí podes atopar moitos dos materiais que temos na biblioteca. Neste espazo de Meiga podes buscar por títulos, autores, materias,... así como ler opinións sobre algúns libros. Ademais ofrece moitas posibilidades de búsqueda noutras bibliotecas e recomendacións de novas lecturas. Se tes dúbidas de como buscar, tes unha pequena guía abaixo como arquivo adxunto.

3. Visitar as persoas encargadas da biblioteca durante os recreos.

Localizar materiais para os departamentos ou materias

Na nosa páxina web da biblioteca en OPAC Meiga, interesan os campos que aparecen arriba á esquerda.

Aparte das buscas por autor e título (**ollo!, sen artigos!**), interesa sobre todo o

campo “materia”, no que se poden especificar os temas relacionados coa nosa, e que nos interesen. Unha vez localizado o material (libro, CD, DVD, etc...), se se fai clic no título, accederase á unha información máis detallada, e os temas aos que se asocia o título. Consello: resulta interesante probar a pinchar nos temas asociados, é unha maneira de ampliar a busca por materia. Pode axudar na confección de **itinerarios lectores**.

Importante: creamos as materias “Dpto ...” para os diferentes departamentos didácticos. Alí inclúense, dende os últimos anos, todos aqueles fondos adquiridos con cargo ao departamento, ou á biblioteca, se foron pedidos polo departamento. É unha maneira de ter un inventario dos fondos adquiridos á conta do voso.

Buscar por: Lista alfabética En: Título

A túa biblioteca

- Principal
- Información
- Fondos
- Os máis emprastados
- Novidades

Título
Autor
Materia
Serie
CDU
Editorial
ISBN

IES Lamas de Castelo
Lamas de Castelo, s/n
Carnota



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



Adquisición de fondos materiais de consulta e préstamo para os departamentos

Das **INSTRUCCIÓNs de 2 de setembro de 2019** [...] : “Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro (entre un 5% e un 10% do orzamento deste).”

E, das ANOTACIÓNs ás **INSTRUCCIÓNs de 2 de setembro de 2019 (Anexo I)** [...] : (Primeira, 6): “[...] as bibliotecas de aula ou departamento serán considerados como seccións da biblioteca escolar do centro, e deberá realizarse unha **xestión centralizada de todos os seus recursos** (aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente situados nesas seccións).” [...] (Primeira, 11): “**A utilización da biblioteca concirne a todo o profesorado, a todas as áreas, etapas e niveis [...]. O equipo de biblioteca debe atender ás necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección, pero tamén os departamentos e outros equipos docentes deben contribuír coas súas propostas a unha adecuada selección de materiais, físicos ou virtuais**”

Os departamentos poden adquirir directamente os fondos materiais (libro de consulta ou lectura, DVD, CD, CD-Rom...) que consideren necesarios, ou ben solicitar aos membros do equipo de biblioteca a xestión da compra deses materiais. As facturas, en caso de ir a cargo da biblioteca, cómpre avisar á encargada, para tomar nota do importe e títulos. En todos o casos, **cómpre o rexistro e catalogación deses materiais na biblioteca escolar.**

2. Itinerarios lectores e listados de lecturas recomendadas.

Citamos das ANOTACIÓNs ás **INSTRUCCIÓNs de 2 de setembro de 2019 (Anexo I, introdución)**: cómpre ter na biblioteca uns “**materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo [...]** e apoiar os programas do centro [...] especialmente aqueles que vaian enfocados á **formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento**” para asegurar unha **alfabetización múltiple** entendida como “**comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes fontes de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica**”, e constituíndo ademais unha competencia “[...] esencial para a vida” e “**porta cara ao resto das aprendizaxes.**”

Esa diversidade de tipoloxía e formatos pode ser útil na elaboración de itinerarios lectores, lecturas recomendadas e indicación de rutinas de lectura e actividades de fomento da comprensión lectora que deberían figurar como contribucións aos plans anuais de lectura e proxectos lectores do centro.

Finalmente, recordar que “**un listado de lecturas recomendadas non é un proxecto lector, nin tampouco o é un plan anual de lectura [...]. Cómpre [...] realizar un esforzo por sistematizar prácticas que dan resultado como as “lecturas compartidas”, entre outras [...]**” (Anotación á Organización da biblioteca escolar -segunda-, punto 4).

3. Recomendacións lectoras e departamentos

Biblioteca

- ▼ **Presentación**
 - Normas
 - Novas de interese
 - Actividades na biblioteca
- ▼ **Animación á lectura**
 - Lecturas recomendadas por departamentos

Convén a publicación dos listados de lecturas obrigadas ou recomendacións lectoras dos departamentos que as teñan na páxina web de cada departamento, dentro da do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/>)

Por iso solicitamos a comunicación ao equipo de biblioteca escolar dos listados de lecturas obrigadas e/ ou recomendadas a todos os departamentos que as teñades.





BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



Ademais, na sección da biblioteca, na páxina web do noso centro existe dende o curso pasado unha sección específica, baixo a **“Animación á lectura”**, as **“Lecturas por departamentos”** (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/69>), na que se detallan os libros e materiais recomendados por varios departamentos didácticos. A finalidade é que o alumnado non chegue á biblioteca sen saber que títulos relacionados coas súas materias necesita buscar para consultar ou levar en préstamo.

Carnota, 12 de setembro de 2019



Saúdos cordiais e boas lecturas!